

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

*RESOLUCIÓN do 18 de xuño de 2024 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xuño de 2024, polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado: glorieta na intersección da LU-903 e LU-P-5903 en Doade (Sober), de clave LU/23/103.06.*

**Antecedentes:**

Con data do 31 de xaneiro de 2024, publícase no *Diario Oficial de Galicia* núm. 22 o Anuncio do 17 de xaneiro de 2024 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado glorieta na intersección da LU-903 e LU-P-5903 en Doade (Sober), de clave LU/23/103.06; así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.

En virtude do disposto no artigo 55.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia,

**RESOLVO:**

Publicar o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xuño de 2024, polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado: glorieta na intersección da LU-903 e LU-P-5903 en Doade (Sober), de clave LU/23/103.06, que se recolle como anexo a esta resolución.

Contra o dito acordo do Consello da Xunta de Galicia, que pon fin á vía administrativa, poderá formular un recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 8, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; sen prexuízo de que, con carácter previo e potestativo, poida formular un recurso de reposición no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



No caso de ser un suxeito obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración para a interposición do recurso de reposición deberá empregar o modelo IF321B de recurso en materia de infraestruturas dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/> ante a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2024

Francisco Menéndez Iglesias  
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

#### ANEXO

**Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xuño de 2024, polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado: glorieta na intersección da LU-903 e LU-P-5903 en Doade (Sober), de clave LU/23/103.06**

1º. Aprobar o expediente correspondente aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas do proxecto de trazado: glorieta na intersección da LU-903 e LU-P-5903 en Doade (Sober), de clave LU/23/103.06, sen modificacións respecto ao trazado sometido a información pública.

2º. Aprobar definitivamente o proxecto de trazado: glorieta na intersección da LU-903 e LU-P-5903 en Doade (Sober), de clave LU/23/103.06.

Consonte establece o artigo 23.1 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Sober, no que se asentan as infraestruturas obxecto do proxecto, deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, en que se establecen as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo dun ano e, en todo caso, na súa primeira modificación o revisión.

A aprobación definitiva do proxecto de trazado implica a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para reposición de servizos afectados, previstos no proxecto, así como para a implantación do proxecto e as modificacións deste que, de ser o caso, puidesen aprobarse posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes, segundo o disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013, de 28 de xuño.

